



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SUBSTITUCIÓN DO OPERARIO DE LIMPEZA, JESÚS MANUEL VARELA LEMA, DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL. EXP. 2022/E005/000009

EXPEDIENTE: 2022/G003/000901

ANTECEDENTES:

Con data do 28-10-2022 ditouse providencia de Alcaldía na que se dispón que pola Técnica Local de Emprego se inicien os trámites oportunos para a cobertura con carácter temporal do posto ocupado por D^o. **JESÚS MANUEL VARELA LEMA**, persoal laboral que presta servizos como peón de limpeza, o cal se atopa de baixa por incapacidade temporal desde o día 13-10-2022, procedendo a realizar os chamamentos aos candidatos existentes na vixente bolsa de emprego do PEL na categoría de “Operario de Servizos Xerais”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 209/2021 do 07-04-2021 e actualizada pola resolución nº 475/2022 do 30-06-2022.

Logo de ver que existe unha necesidade urxente e inaprazable de cubrir este posto de traballo para non ocasionar mermas nos servizos que viña prestando este traballador, consistentes na limpeza viaria e en traballos de mantemento das vías públicas municipais, servizos para os que non se conta con suficiente persoal municipal que os poida prestar sendo estes de carácter esencial e prioritario na actividade municipal, por estar recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da bases de réxime local e tendo en conta que nos vindeiros días rematan o seu contrato catro traballadores que estaban a realizar este tipo de tarefas, esta Alcaldía, en función do crédito dispoñible que determine a Intervención, estima necesario e urxente a contratación e a cobertura deste posto polo tempo máximo que proceda en función do crédito dispoñible, para a realización das funcións anteriormente descritas, realizando os chamamentos a través da vixente bolsa de emprego do PEL na categoría de “Operario de Servizos Xerais”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 209/2021 do 07-04-2021 e actualizada pola resolución nº 475/2022 do 30-06-2022 para a cobertura de baixas, renuncias, vacantes, ausencias dos/as candidatos/as seleccionados/as, ou do persoal propio das mesmas categorías do Concello.

Tendo en conta o funcionamento da bolsa de emprego do PEL establecido na base décimo primeira das reguladoras do proceso selectivo, para a cobertura de baixas, renuncias, vacantes, ausencias dos/as candidatos/as seleccionados/as, ou do persoal propio das mesmas categorías do Concello, na que se indica:

“Ao rematar o proceso selectivo formarase unha bolsa de traballo cos candidatos que resulten aprobados, en cada unha das súas especialidades, en orde descendente de puntuación. Inicialmente contratarase aos candidatos que obtiveran as maiores puntuacións, para a cobertura das prazas iniciais desta convocatoria PEL REACTIVA 2021. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir os postos de traballo de condutor, albanel ou operario de servizos, obxecto da convocatoria, no caso de renuncia, ou no suposto de producirse unha ausencia, vacante ou nova contratación temporal para os devanditos postos de traballo do Concello de Ponteceso. Os chamamentos para substitucións realizarase por medios telemáticos, e dirixirase ao enderezo electrónico facilitado. O candidato terá 48 horas para dar a súa resposta, e a súa incorporación realizarase no prazo de cinco días hábiles seguintes,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

contados dende o seguinte ao chamamento, ao efecto os candidatos facilitarán un número de teléfono e correo electrónico, aos efectos dos seus chamamentos. Os candidatos que non acepten cubrir os postos, ou non respondan ao chamamento, agás nos casos debidamente xustificadas, quedarán excluídos da lista de reserva. A xestión da bolsa de emprego realizaraa o Técnico Local de Emprego, deixando constancia documental de todas as actuacións (...)

Na citada cláusula faise referencia á duración da bolsa concretándose que terá unha vixencia de dous anos, prorrogable por outro máis, a contar desde a data da súa aprobación.

Tendo en conta a resolución de Alcaldía núm. 209/2021 do 07-04-2021 que aproba a creación da bolsa do PEL nas categorías de condutor, albanel e operarios de servizos xerais, e a resolución de Alcaldía núm. 475/2022 do 30-06-2022 que aproba a última actualización da bolsa na categoría de servizos xerais, a través da cal se realizarán os chamamentos, segundo o disposto na providencia de data 28-10-2022.

Logo de ver o informe da técnica Local de Emprego emitido o 28-10-2022, conforme ao disposto na citada providencia en relación aos chamamentos efectuados, que é do seguinte teor literal:

“EXPEDIENTE: 2022/E005/000009 BOLSA DE EMPREGO PEL NA CATEGORÍA DE OPERARIO DE SERVIZOS XERAIS”

Fátima María Gómez Casal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ponteceso, en cumprimento do ordenado na providencia de Alcaldía de data 28-10-2022 na que se dispón que pola AEDL se inicien os trámites oportunos para a cobertura con carácter temporal do posto ocupado por D^o JESÚS MANUEL VARELA LEMA, persoal laboral que presta servizos como peón de limpeza, o cal se atopa de baixa por incapacidade temporal, desde o día 13-10-2022, procedendo a realizar os chamamentos aos candidatos existentes na vixente bolsa de emprego do PEL na categoría de “Operario de Servizos Xerais”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 209/2021 do 07-04-2021 e actualizada pola resolución nº 475/2022 do 30-06-2022.

INFORMO

Vistas as bases para a formación dunha bolsa de emprego do PEL na categoría de “ Operario de Servizos Xerais” aprobadas pola resolución de Alcaldía nº 80/2021, do 03-02-2021, publicadas no BOP nº 26 do 09-02-2022.

Vista a resolución de Alcaldía nº 209/2021 do 07-04-2021 que aproba a bolsa do PEL nas categorías de condutor, albanel e operario de servizos xerais, para a cobertura de baixas, renuncias, vacantes, ausencias dos/as candidatos/as seleccionados/as, ou do persoal propio das mesmas categorías do Concello.

Vista a última actualización da bolsa do PEL na categoría de Servizos Xerais aprobada pola resolución de Alcaldía nº 475/2022 do 30-06-2022, utilizada para a realización dos chamamentos, a cal está formada polas seguintes persoas:

CATEGORÍA : OPERARIO DE SERVIZOS XERAIS			
Nº	Apelidos e Nome	DNI	TOTAL
1	MARTÍNEZ ALMENARES JULIO ANTONIO	***0275**	15,00



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2	VILLAR GARCÍA JOSE ANTONIO	***3357**	13,50
3	ORDOÑEZ FUENTES RUBÉN	***3972**	13,50
4	CASTRO PENA DAVID	***3972**	12,50
5	FIGUEIRAS LEMA ANTONIO	**3175**	10,00
6	PARGA COUSILLAS PATRICIA	***4182**	9,50
7	GARCÍA COSTA JOSÉ RAMÓN	***3727**	8,00
8	VERES LEMA MARÍA TERESA	***0805**	8,00
9	VENTURA VIDAL ERNESTO	***6878**	8,00
10	POSE ÁLVAREZ VICTORIA	***4294**	6,00

Realizados os chamamentos aos integrantes que conforman a citada bolsa prodúcese o seguinte resultado, do que se deixa constancia documental no expediente:

O día 28-10-2022 efectúase chamamento telefónico a D^o José Antonio Villar García, candidato número 2 da lista, respondendo que acepta o posto, presentando por rexistro de entrada con número 20220000001752 declaración responsable do mantemento do cumprimento dos mesmos requisitos esixidos no proceso selectivo para o que foi seleccionado, xunto co documento no que acepta o posto.

Non se efectúa chamamento ao candidato nº 1 da bolsa, D^o Julio Antonio Martínez Almenares, por estar traballando neste concello na actualidade.

Ponteceso, 28 de outubro de 2022

A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

*Fátima María Gómez Casal
(Documento asinado electronicamente)"*

Tendo en conta o establecido no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, o cal modifica o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores para xeneralizar o contrato indefinido e limitar a temporalidade.

No ámbito das Administracións Públicas, esta norma debe harmonizarse coas disposicións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, con incidencia sobre o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, o título VII da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e restante normativa concordante.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

De conformidade co disposto no artigo 15.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores poderá realizarse un contrato de duración determinada para a substitución da persoa traballadora con dereito á reserva de posto de traballo, sempre que se especifique no contrato de traballo o nome da persoa substituída e a causa da substitución. As retribucións que lles corresponderán serán as previstas no Orzamento Municipal de 2020 prorrogado para o actual exercicio de 2022.

Na data de 28-10-2022 emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización favorable (LMR substitución operario limpeza viaria JMVL /2022) sendo a súa conclusión do seguinte teor literal:

“...IV) CONCLUSIONES

Fiscalización favorable coas seguintes observacións:

1.- X.A: débese especificar con precisión no contrato de traballo a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e a súa conexión coa duración prevista de xeito que está última quedará condicionada á incorporación do traballador substituído.*

2.-X.B: dadas as limitacións das ultimas leis de orzamentos xerais se deberá de verificar que este tipo de contratacións, limitadas nos últimos exercicios se encontran en supostos permitidos pola lei. Se circunscribe esta contratación para cubrir necesidades urxente e inaprazables tal e como figura na providencia de Alcaldía de 28 de outubro de 2022:*

“...”

Logo de ver que existe unha necesidade urxente e inaprazable de cubrir este posto de traballo para non ocasionar mermas nos servizos que viña prestando este traballador, consistentes na limpeza viaria e en traballos de mantemento das vías públicas municipais, servizos para os que non se conta con suficiente persoal municipal que os poida prestar sendo estes de carácter esencial e prioritario na actividade municipal, por estar recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da bases de réxime local e tendo en conta que nos vindeiros días rematan o seu contrato catro traballadores que estaban a realizar estas tarefas, esta Alcaldía, en función do crédito dispoñible que determine a Intervención, estima necesario e urxente a contratación e a cobertura deste posto polo tempo máximo que proceda en función do crédito dispoñible, para a realización das funcións anteriormente descritas, realizando os chamamentos a través da vixente bolsa de emprego do PEL na categoría de “Operario de Servizos Xerais”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 209/2021 do 07-04-2021 e actualizada pola resolución nº 475/2022 do 30-06-2022 para a cobertura de baixas, renuncias, vacantes, ausencias dos/as candidatos/as seleccionados/as, ou do persoal propio das mesmas categorías do Concello.

“...”

Non corresponde a esta intervención analizar os motivos da urxencia e excepcionalidade aos que se refire o Alcalde na citada providencia pois ao abeiro do artigo 21.1.a) da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, é o organo encargado de dirixir o goberno e a administración municipal.

3.-X.C: Non consta no expediente a incorporación da documentación esixida pola base Novena das aprobadas por resolución de alcaldía núm. 80/2021, de 3 de febreiro, senón unicamente a seguinte referencia no informe da ADL de 28.10.2020 fai constar que “..., presentando por rexistro de entrada con número 20220000001752 declaración responsable do mantemento do cumprimento dos mesmos requisitos esixidos no proceso selectivo para o que foi seleccionado, ...”*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Asemade, cabe reiterar a responsabilidade do Alcalde, dada a vulneración do artigo 15 do RDL 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (duración do contrato de traballo), pola pola prórroga tácita dos contratos de persoal laboral temporal obxecto de substitución”

A competencia para resolver correspóndelle á Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 21.1.a) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e co artigo 61.1.a) e h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o anterior no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro: Aprobar, consonte ao informe da AEDL de data 28-10-2022, a actualización da bolsa de emprego do PEL, na categoría de “Operario de Servizos Xerais”, creada pola resolución de Alcaldía núm. 209/2021 do 07-04-2021 e actualizada pola resolución nº 475/2022 do 30-06-2022, quedando a mesma coa seguinte orde decrecente:

CATEGORÍA: OPERARIO DE SERVIZOS XERAIS				
Nº	Apelidos e Nome	DNI	TOTAL	ESTADO
1	MARTINEZ ALMENARES JULIO ANTONIO	***0275**	15,00	Servizo nesta Administración
2	VILLAR GARCIA JOSÉ ANTONIO	***3357**	13,50	Acepta o chamamento
3	ORDOÑEZ FUENTES RUBÉN	***3972**	13,50	
4	CASTRO PENA DAVID	***6773**	12,50	
5	FIGUEIRAS LEMA ANTONIO	***3175**	10,00	
6	PARGA COUSILLAS PATRICIA	***4182**	9,50	
7	GARCIA COSTA JOSÉ RAMON	***3727**	8,00	
8	VERES LEMA MARÍA TERESA	***0805**	8,00	
9	VENTURA VIDAL ERNESTO	***6878**	8,00	
10	POSE ÁLVAREZ VICTORIA	***4294**	6,00	

Conforme ao establecido na base décimo primeira a presente bolsa de traballo terá unha vixencia de dous anos, prorrogable por outro máis, a contar desde a data da súa aprobación.

Segundo: Contratar a **Dº. JOSÉ ANTONIO VILLAR GARCÍA**, candidato número 2 da bolsa de emprego do PEL na categoría de “Operario de Servizos Xerais”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 209/2021 do 07-04-2021 e actualizada pola resolución nº 475/2022 do 30-06-2022, que presentou a súa declaración responsable conforme cumpre os requisitos esixidos e que aceptou o chamamento, como persoal laboral temporal coa categoría de peón, grupo de cotización 10, para a substitución do peón de limpeza viaria **Dº Jesús Manuel Varela Lema**, de baixa por incapacidade transitoria desde o 13-10-2022, baixo a modalidade de contrato de duración determinada para a substitución da persoa traballadora con dereito á reserva de posto de traballo, consonte ao establecido no artigo 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, establecéndose un período de proba dun mes. Establecer a data de inicio para o día 31-10-2022 rematando a contratación no intre en que se incorpore á persoa substituída, se amortice ou se provea en propiedade a praza.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Terceiro: Publicar esta resolución na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios, notificar ao interesado e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: María Cristina Varela García

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.